

# IRON MAIDEN: BURNING AMBITION

# 1745

Malcolm Venville, 2026

ESTREA EN NUMAX: 15.05.2026 | V.O.S.E. | +12 | 105 min

A historia dos 50 anos de Iron Maiden, o ascenso da banda desde os pubs do East End londinense aos maiores estadios do mundo, contada a través de entrevistas exclusivas con membros da banda, opinións de celebridades, imaxes inéditas e a derradeira entrevista de Paul Di'Anno.



## Quen entra no universo de Iron Maiden non sae igual

Por André Didyme-Dôme

Hai un momento cinematográfico recente, inesperado e revelador: Ralph Fiennes coreografiando a “The Number of the Beast” na estupenda fita de terror sobre infectados *28 anos despois: O templo dos ósos* (Nia DaCosta, 2026). Non é unha cita gratuíta. Quen entra no universo de Iron Maiden non sae igual. Hai unha enerxía teatral, excesiva e case ritual na música de Maiden que como unha infección incurable, se instala e permanece.

Esa mesma lóxica é a que atravesada o documental *Iron Maiden: Burning Ambition*. Non é o primeiro achegamento da banda ao cine. Antes estiveron concertos filmados como *Flight 666* e *En Vivo!*, alén de múltiples rexistros en vídeo e documentais fragmentados sobre a súa historia. Con todo, aquí hai un cambio. Por primeira vez, a banda permite que alguén externo constrúa o relato. E ese xesto define a película.

Dirixido por Malcolm Venville, a persoa detrás de varias miniserias históricas para a televisión (*Churchill At War*, *FDR*, *Theodore Roosevelt*, *Abraham Lincoln*, *Grant*), o documental percorre cinco décadas de historia, desde a orixe no East London ata a súa consolidación como fenómeno global. Pero non o fai desde a cronoloxía tradicional, preferindo armar un mosaico de arquivo, animacións, entrevistas e, sobre todo, a voz dos fans. Máis que centrarse unicamente na banda, a película expande o foco cara a quen a sostén. Testemuños que cruzan xeracións e xeografías, desde figuras como Javier Bardem, Tom Morello, Chuck D, Gene Simmons ou Lars Ulrich ata fans anónimos que explican o mesmo desde outro lugar: Iron Maiden non é só música, é pertenza e identidade.

Ademais, o documental introduce unha dimensión emocional que non sempre se asocia coa banda. A tensión interna, o desgaste das xiras, as saídas de integrantes clave como o falecido Paul Di'Anno, Bruce Dickinson ou Adrian Smith nos noventa, e o peso de soste unha maquinaria que nunca se detén, a pesar do cancro de gorxa ou os derrames cerebrais. Non é unha lectura compracente. Hai friccións, dúbidas e momentos onde a banda parece quebrar irremediabilmente.

Con todo, a película non queda no conflito. Intégroa como parte dunha narrativa máis ampla que vira ao redor da persistencia e á idea de que Iron Maiden non se define pola perfección, senón pola ambición e a resiliencia. Visualmente, a documental aposta pola camaradería e a calidez, en liña coa propia banda. As animacións de Eddie (esa figura esquelética que acompañou cada etapa e portada de álbum), cobran vida conectando cancións, concertos e momentos clave. Non sempre é sutil, pero si coherente co imaxinario de Maiden.

*Burning Ambition* funciona moi ben en dous niveis. Para o fan, é un arquivo emocional, nostálxico e unha confirmación de algo que xa sabía. Para quen chega sen contexto, é unha porta de entrada efectiva a un universo que mestura música, maxia, identidade e espectáculo. E aí está o seu punto central. A fita non tenta xustificar a Iron Maiden, senón que máis ben mostra o que é: unha banda que converteu a épica en música e que, cincuenta anos despois, segue operando baixo esa mesma lóxica.